

Polideportivo



FASE DE ASCENSO A 2ª DIVISIÓN B

MAÑÁ, A Magdalena, 16:30h

Rácing Villalbés - Levante Atlético

MOTOR

Campionato Galego de Karting

O circuío da Pastoriza acolle hoxe e mañá a terceira proba do Galego nas categorías rookies, alevín, cadete, X30, Super30, Open 125 e KZ2 nas que participan trinta e cinco pilotos

XIMNASIA

Festival da Terra Chá en Vilaba

Preto de 300 ximnastas de diferentes categorías participan na exhibición de rítmica organizada polo Club Violeta no Pavillón Municipal de Vilalba

Partidos destacados

Hoxe 18:00 h. FÚTBOL SALA
1ª División Feminina, Burela - Alcorcón

Hoxe 20:30 h. FÚTBOL
LIGA 1-2-3 CD Lugo - Almería

Mañá 12:00 h. BALONCESTO BASE
Fase ascenso infantil Cidade de Lugo - Artai

Mañá 18:00 h. FÚTBOL
Copa Deputación Viveiro CF - Polvorín

BOLOS CELTAS

Novena xornada Liga Provincial

A competición provincial achégase ao final coa disputa da penúltima xornada da Liga na que os dous equipos xovenses e máis o Santa Marta exerceron o seu dominio

II CLINIC

de entrenadores de fútbol sala





MARC CARMONA



DANI RODRÍGUEZ



CÉSAR ARCONES



MAR ROVIRA



DIEGO GACIMARTÍN



JUANMA MARRUBE



DANI DÍAZ

II Clinic de Lugo Sala

O próximo sábado, 9 de xuño, os mellores adestradores e analistas do fútbol sala farán de Lugo a referencia deste deporte a nivel nacional

O Pazo de Feiras e Congresos de Lugo acollerá o "II Clínic para adestradores de fútbol sala" organizado por Lugo Sala. No seu afán por promocionar o deporte, o fútbol sala e, neste caso, a formación no ámbito deportivo, citan a seis referentes deste deporte no panorama español; Marc Carmona, adestrador do Fútbol Club Barcelona, que repite experiencia trala primeira edición, Dani Rodríguez, adestrador do Jaén Paraiso Interior e actual Campión da Copa de España de Fútbol Sala, César Arcones, director da escola de porteiros STOPGOL e adestrador na escola Valverde Fútbol Sala, Mar Rovira, docente en Máster Coaching Deportivo e Federación Catalana de Baloncesto, Diego Gacimartín, adestrador do Naturpellet Segovia. Juanma Marrube, adestrador do Pescados Rubén Burela e Dani Díaz, preparador físico, recuperador de lesións e adestrador do Sagrado Corazón.



Desenvolvemento da actividade

O formato de celebración do clínic será dun día, dado o alto grao de satisfacción co mesmo por parte dos asistentes á edición anterior.

Así se desenvolverá a xornada:

08:45 horas: recollida de material e acreditacións.
 09:00 horas: presentación e benvinda.
 09:15 horas: relatorio Dani Díaz (salón de actos).
 10:15 horas: relatorio Juanma Marrube (pista deportiva).
 11:15 horas: descanso.
 11:30 horas: relatorio Diego Gacimartín (pista deportiva).
 13:30 horas: aperitivo.
 14:00 horas: comida (restaurante Pazo de Feiras).
 15:15 horas: relatorio Mar Rovira (durante a comida).
 16:30 horas: relatorio César Arcones (salón de actos e pista deportiva).
 17:30 horas: relatorio Dani Rodríguez (pista deportiva).
 19:00 horas: descanso.
 19:15 horas: relatorio Marc Carmona (salón de actos e pista deportiva).
 21:00 horas: clausura.


Prezo da actividade

O prezo total da actividade será de 70 €, e o pago do mesmo dará dereito á asistencia ás sete conferencias, unha máis con respecto á edición do 2017. Trala celebración do clínic o club proporcionará a todos os asistentes as charlas en formato de vídeo.


Ademais, todos os asistentes terán cuberta a comida do mediodía, así como refrixerios ao longo da intensa xornada, e serán obsequiados con agasallos como recordo deste evento.

Descostos


Para facilitar a asistencia de todos os adestradores, Lugo




MARC CARMONA
"Proxecto La Masa 360".
"Los temas, la percepción y la toma de decisiones".




DANI RODRÍGUEZ
"Estructura de tesis para el ataque con pivó".




CÉSAR ARCONES
"Progresión metodológica del entrenamiento específico del portero (de la técnica individual a la táctica colectiva)".




MAR ROVIRA
"Dinámicas para construir equipos de alto rendimiento".



DIEGO GACIMARTÍN
"Trabajo de los fundamentos defensivos".



JUANMA MARRUBE
"Workshop organizado. Equilibrio entre 4v3 y 3v1".



DANI DÍAZ
"Propuesta metodológica para la prevención de lesiones y preparación física en la base".

Sala pon a disposición dos mesmos os seguintes descontos (NON ACUMULABLES):

Descosto do 50% para os socios ANEFS: 35 €.

Descosto para os asistentes que acudisen á primeira edición: 65 €/persoa.

Descosto para grupos de cinco persoas ou máis: 65 €/

persoa.

Inscripcións

As inscricións están abertas ata as 20:00 horas do xoves 7 de xuño, ou ata que se cubran as prazas ofertadas. Na web do club www.lugosala.com xa se poden formalizar as mesmas.



Xaime Ramallal

VII Subida á Pontenova

Segunda proba do Campionato de Galicia de Montaña. A única que se disputará esta tempada na Provincia xa que a de Chantada incorporouse ao Nacional

43 pilotos participan esta fin de semana na sétima edición da Subida á Pontenova, a segunda proba do Campionato de Galicia de Montaña. A competición presume un ano máis dun cartel de altura, ao contar na grella de saída cos primeiros espada do circuito galego, pero tamén con referentes desta modalidade en España e Europa.

O piloto vasco Andrés Vilariño, que na pasada edición firmou unha vitoria inapelable ao ser o máis rápido en todas as mangas oficiais, baixando dos dous minutos nunha das quendas, volverá facer a Subida a bordo do seu monopraza Barqueta Norma. Xunto ao tetracampeón europeo, estarán o asturiano José Antonio López Fombona, campión de España cinco anos consecutivos –de 2006 a 2010–, co seu novo Audi A5 DTM; o vixente campión galego Alexis Vieitez, aos mandos do Outeda MK IV, e outros claros candidatos ao título como Jacobo Sobral, cun Silver Car S2. Mención aparte para o piloto meirego Sergio Vallejo, que cambia a terra polo asfalto para correr no concello veciño, como xa fixo noutras ocasións.

O palmarés dos participantes anticipa unha proba disputada, pero os vaticinios son especialmente complicados nunha competición que nunca repetiu campión. Nonito proclamouse vencedor da primeira edición da subida en 2012. Nos anos seguintes os gañadores foron César Rodríguez, José Antonio Varela, Jacobo Sobral, Sergio Vallejo e Andrés Vilariño.

A Subida á Pontenova é a segunda proba do Campionato de Galicia de Montaña, e a única que se celebra na Provincia despois de que a Subida a Chantada, que ata agora formaba parte do calendario galego, se incorporase ao Campionato de España.

Trazado e horarios

O trazado da proba discurrirá, como nas edicións anteriores, pola estrada que vai desde A Pontenova ata a Augoxosa, no concello de Riotorto. Case cinco quilómetros de trazado “rápido e con bo asfalto, ideal para fórmulas e barquetas”, como o describe Manuel Díaz, presidente da Escudería A Pontenova, organizadora da proba. A coincidencia de datas con outras citas de motor impide que se poidan ver car cross sobre o asfalto, un tipo de vehículos para os que a Federación Galega de Automobilismo abriu este ano a competición de montaña.

A proba comezará coa presentación dos pilotos na Praza dos Fornos da Pontenova ás 15:30 horas. Unha hora máis tarde iniciárase a primeira manga de adestramentos, e a continuación as dúas mangas oficiais que se disputarán durante a xornada. A competición continúa mañá con outra manga de adestramentos, ás 10:00 horas, e, de seguido, outras dúas quendas oficiais.

Andrés Vilariño foi o vencedor da primeira cita do calendario na que tamén subiron ao pódio Alexis Vieitez e Pablo Rey

Campionato de Galicia de Montaña

A Subida á Pontenova é a segunda proba do Campionato de Galicia de Montaña, que arrancou o pasado 6 de maio en Santa María de Oia. Andrés Vilariño foi o vencedor desta primeira cita do campionato, na que tamén subiron ao podio Alexis Vieitez e Pablo Rey. Tras a carreira desta fin de semana, a competición continuará con outras seis citas que se celebrarán durante os próximos cinco meses. A temporada concluirá o 6 de setembro coa Subida á Estrada.

A proba comezará coa presentación dos pilotos na Praza dos Fornos da Pontenova ás 15:30 horas



Xaime Ramallal



BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
LG 1ª	Ferretería Elías	Pingos	Hoxe
LG 1ª	D'Vuelta	Ponnos Outras	Hoxe
LG 1ª	6.9.	Flama	Hoxe
LG 1ª	Como Sempre	Pub Omega	Hoxe
LG 1ª	Dovalitos	Bolita Nocturna	Hoxe
LG 1ª	Pingeons	Resurrección	Hoxe
LG 2ª	Mouchos	Sagitario A	Hoxe
LG 2ª	Cantimploras	Loureiros	Hoxe
LG 2ª	Tiempos Pool	Chámalle X	Hoxe
LG 2ª	Palacas Novas	Congratulacion	Hoxe
LG 3ª	Tiempos Modernos	Bolita&Bolita	Hoxe
LG 3ª	Tutxy Sport	2018	Hoxe
LG 3ª	Pool Monia	Siglo XXI	Hoxe
LG 3ª	O Braseiro	Los Vene	Hoxe
LG 3ª	A.S.+	Pooleros	Hoxe
Liga Bola 9	Antonio Martínez	Victor Castro	Hoxe
Liga Bola 9	Jorge Blanco	Andrés Varela	Hoxe
Liga Bola 9	David Mosteiro	Javier Vázquez	Hoxe
Liga Bola 9	Omar Engroba	Jose Capón	Hoxe
Liga Bola 9	Édgar Redondo	Joaquín de Santiago	Hoxe
Par 1ª	Raposo/Édgar	Asier/Doval	Hoxe
Par 1ª	Joaquín/Omar	Marcos/Iván	Hoxe
Par 1ª	Andrés/Díaz	Jorge/Rubén	Hoxe
Par 1ª	Damián/Rubén	Victor/Álex	Hoxe
Par 2ª	Open/Tiempos	Borja/Ángel	Hoxe
Par 2ª	Sam/Sam	Amalia/Cazón	Hoxe
Par 2ª	Marcos/Pablo	Mar/Jaime	Hoxe
Par 2ª	Nery/Óscar	Marco/Daniel	Hoxe
Par 2ª	Aarón/Manuel	Yeison/Antón	Hoxe
Par 2ª	Laura/Jessica	Iria/Mikel	Hoxe
Par 2ª	Carlos/Javier	Daniel/Miguel	Hoxe
Ind. 2ª	Alejandro Doval	Jose Capón	Hoxe
Ind. 2ª	Jose M. Díaz	Jorge Blanco	Hoxe
Ind. 2ª	Iván Rey	Omar Rajal	Hoxe
Ind. 2ª	Andrés Varela	Marcos González	Hoxe
Ind. 3ª	Roberto Cardeiro	Jose Sampayo	Hoxe
Ind. 3ª	Juan Vázquez	Jaime Fontal	Hoxe
Ind. 3ª	Mar Expósito	Justo Rguez	Hoxe
Ind. 3ª	Rubén Fdez	Carlos Vázquez	Hoxe
Ind. 3ª	Ángel Doural	Jose Cazón	Hoxe
Ind. 3ª	Amalia Buide	Borja Argerrey	Hoxe
Ind. 3ª	Luis M. Barreira	Samuel Yanes	Hoxe



FUTBOL SALA



Hoxe. Pavillón Vista Alegre. Burela CD BURELA-ALCORCÓN

O equipo feminino da Pescados Rubén Burela FS recibe ao Alcorcón no Pavillón de Vista Alegre na última xornada da liga na Primeira División Feminina.

As burelãs chegan á derradeira xornada da competición a un punto do trío de equipos que encabeza a clasificación Atlética, do Universidade de Alicante e do Jimbée Roldán. A vitoria en Vista Alegre é indispensable para que se dea a ecuación.

Ademais, ningún dos outros tres conxuntos deberían lograr un triunfo. O feito de que os equipos alicantino e murciano se enfronten aumenta a probabilidade de que se produza a combinación de resultados desexada en Burela para poñer fin a unha temporada histórica.

COMPETICIÓN FÚTBOL SALA

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	CD Burela	Alcorcón	V. Alegre	Hoxe 18:00h
Xuv. Gal	C. de Coles	Vitalba FS	Coles	Hoxe 20:00h
Xuv. Gal	Carballiño	Meigallos	Carballiño	Hoxe 18:00h



BALONMÁN

Hoxe. O Grove

CAMPIONATO GALEGO MÁSTER

O CB Lucus disputa hoxe no Grove o Campionato Galego Máster, no que competirá con Veteranos Meño, Rasoeiro BM, Bueu Atlético Veteranos, BM Culleredo e C. Amigos Balonmán Ourense.

O torneo, que se desenvolverá no Pavillón Novo Monte da Vila, comeza ás 09:30 horas. Os equipo están divididos en dous grupos de tres. Os primeiros clasificados de cada grupo xogarán polo título; os segundos pola terceira posición e os terceiros polo quinto posto.

Veteranos Meño e Bueu Atlético serán os rivais dos lucenses na fase de grupos, na que debutarán ás 11:00 horas.



BALONCESTO

Mañá Carballo

Fase de ascenso á Primeira División infantil. O Cidade de Lugo buscará o salto de categoría ante Artai, nun encontro no que de gañar serían novo equipo de Liga Galega. Una derrota por menos de dez puntos permitiríalles encarar a última xornada dependendo de si mesmos.

COMPETICIÓN BALONCESTO

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Cad. M.	Estudiantes	Culleredo	Anexo 1	Mañá 17:00h
2ª Cad. F.	CB Ribadeo	Pontumio	Ribadeo	Mañá 19:00h
2ª Inf. M.	Artai	Cidade	Carballo	Mañá 12:00h
2ª Inf. F.	Portosin	Ac.Mariña04	Portosin	Hoxe 18:30h



DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Gallega 1	K2 Breegán	La Central	Mañá
Gallega 3	A Veiga	A Gramola	Mañá
Gallega 6	Pipoka Team	Xeixo	Mañá
Gallega 6	Os Renacidos	Papois	Mañá
Gallega 7	Chacaritas	Baco Darts	Mañá
Gallega 7	A Bichería	Ferlos	Mañá
Gallega 7	Ruxedarts	Mosketeros	Mañá
Gallega 8	Gaucho Darts	Canis	Mañá
Gallega 9	Pub Tibor	Os de Pili	Mañá
Gallega 9	Politécnica	Max Priton	Mañá
Gallega 10	Os de Sempre	Dispa B	Mañá
Gallega 13	Perfil	Bamboco	Mañá
Gallega 14	Amigos da Lacra	Bar Mario	Mañá
Gallega 14	Bar Mario	Amigos da Lacra	Mañá
Gallega 15	Os de Monforte	T.Titanes	Mañá
Gallega 15	T.Titanes	Os de Monforte	Mañá
Gallega 17	Rocketeam	A Chozza	Mañá
Gallega 17	Drink Darts	Venus	Mañá
Gallega 17	T. Venus	Meira 3	Mañá
Gallega 18	Bar Gaucho	Somos Nostrum	Mañá
Gallega 18	O Braseiro	Tira Flechas	Mañá
Gallega 19	Club Náutico	Novo Carabelo	Mañá
Gallega 19	Novo Carabelo	Club Náutico	Mañá
Gallega 20	Carabelos	Barxio	Mañá
Gallega 20	La Oficina	Os de Lugo	Mañá
Gallega 20	Breegán II	Os do Tiempos	Mañá
Gallega 21	Bar Cheko	Abella	Mañá
Gallega 22	Abella	Gallegos	Mañá
Gallega 22	Tiempos 2018	As da Veiga	Mañá
Parejas A	Manu/Chan	No se Aplaza	Mañá
Parejas A	Dani/Danis	Os Bichos	Mañá
Parejas A	Javier/Abueto	O Chao	Mañá
Parejas A	Roxo/Piplus	Los Traamos	Mañá
Parejas B	Richi/Karlos	Bues Brothers	Mañá
Parejas B	Monopoly	Adrián/Mera	Mañá
Parejas B	Tiempos	Valia Dos	Mañá
Parejas B	Ruxedarts	Chacaritas	Mañá
Parejas C	A Veiga	Victor/Jorge	Mañá
Parejas C	Bar Mario	Bolas de Cristal	Mañá
Parejas C	Perfil/Rios	Os Novos	Mañá
Parejas C	O Braseiro	Damián/Pereiras	Mañá
Parejas D	Nessa/lalas	Os Abuetos	Mañá
Parejas D	Canadienses	Tiempos Vou	Mañá
Parejas D	Dami/Samuel	Os de Monforte	Mañá
Parejas D	Manu/Camba	As Lacras	Mañá



AUTOMOBILISMO



Hoxe e mañá

KARTING PASTORIZA

Trinta e cinco pilotos participan esta fin de semana no 43 Karting da Pastoriza, a terceira proba do Campionato Galego desta modalidade nas categorías rookies (ata 8 anos), alevín, cadete, X30, SuperX30, Open125 e KZ2.

O campionato arranca esta mañá cos adestramentos libres, que serán de 11.00 a 14.00 horas e de 15.00 a 19.00 horas, con roldas de 15 minutos por categoría.

Mañá será a competición oficial. Ás 9.00 faranse as verificacións para a continuación comezar ás 10.15 horas cos adestramentos libres. As mangas oficiais disputaranse a partir das 11.45 horas. O momento máis agardado da competición, semifinais e finais, comezarán ás 13.15 horas.

O chantadino Pedro Pardo, que disputará na Pastoriza a súa terceira carreira, será o único representante lucense nunha competición que reúne á mellor da canteira galega do automobilismo. Así, no circuito pastoricense, poderase ver a Roi Sánchez, Álex Rubianes e Joan Gelabert, en Rookies; Hugo Sánchez, en alevíns; Christian Domínguez, Álex Cagiao ou Mario Couto, en cadetes; Manuel Diz e Borja Grandas, en X30 júnior; e David Represas e Adrián Vázquez, en X30 sénior.

A escudería One Seven, que lidera a clasificación tras as dúas primeiras probas do campionato, organiza esta proba en colaboración coa Federación Galega de Atletismo. O calendario do Galego continuará coa disputa doutras tres probas.

O campionato volverá facer parada no circuito pastoricense -unhas instalacións que contan cunha pista de 1.200 metros de lonxitude e unha anchura constante de 9 metros, con 11 curvas e unha recta principal de 250 metros- o vindeiro 9 de setembro. A derradeira proba do circuito disputarase o 14 de outubro nas Pontes.



TRIATLÓN

Hoxe e mañá. Mar de Pulpí

LIGA NACIONAL DE CLUBS

Fin de semana intenso para o Fluvial, que afronta a terceira e cuarta xornada da Liga nacional de Clubs na localidade almeriense. O club lucense parte como líder na categoría feminina, e como segundo - a dous puntos do primeiro- no masculino.

Os deportistas do club tamén participan no Campionato de España de Relevos por Parelles e no Campionato de España Super Sprint, unha das modalidades máis emocionantes do triatlón pola corta distancia da proba.



PADEL

Hoxe e mañá

PLAY OFFS ASCENSO

Concluídas a Liga Galega por Equipos de Clubs en todas as categorías, a competición continúa cos play offs de ascenso e as eliminatorias pola permanencia, coa participación de catro clubs lucenses

Club Lucense de Padel A e Club Muralla Dominos Pizza optan a algunhas das catro prazas de ascenso á Segunda División Masculina.

La Solana PCR Ribadeo tamén loitará por unha praza na Segunda División Feminina. O Cómico +padel tratará de asegurar a permanencia nesa categoría.

Esta fin de semana comezan a disputarse as eliminatorias, que se decidirán a ida e volta.

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Asc. 2ª Div.	Club Lucense	Bitácara	Mañá 18:00h
Asc. 2ª Div.	Family Padel	Club Muralla	Hoxe 14:00h
Asc. 2ª Div	PCR Ribadeo	Boiro Padel	Mañá 18:00h
Perm. 2ª Div.	Cómico +padel	Óptica Lopsy	Mañá 11:30h

XIMNASIA



Hoxe. Vilalba FESTIVAL TERRA CHÁ

Preto de 300 ximnastas de diferentes categorías participan na exhibición de rítmica da temporada, o Campionato Galego que se celebra no pavillón municipal de Vilalba.

A concentración non terá carácter competitivo, senon que servirá para mostrar o resultado do traballo realizado nos últimos meses tanto nas escolas deportivas municipais como no club chairego. Así, ademais das ximnastas do club, participarán na exhibición as escolas deportivas de Rábade, Outeiro de Rei, Guitiriz, Vilalba, Cospoite e Begonte.

A sesión dará comezo ás 17.00 horas, e continuará durante unha hora e media.

Mañá. Marín CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR DE XIMNASIA RÍTMICA

Esta fin de semana os clubs de ximnasia da Provincia teñen a cita máis agardada da temporada, o Campionato Galego que se celebra no pavillón da Raña de Marín.

O Club Violeta, o Club Ximnasia Viveiro, Escola Ximnasia Porta Norte, Club Xirandela, Club Filigrana, Escola de Ximnasia Areoura e Club Quicela participarán neste torneo que reúne ás mellores desta disciplina en Galicia.

As ximnastas das categorías benxamín, infantil, cadete e sénior saíran á pista en horario de mañá, e pola tarde celébrase o campionato nas categorías alevín e prebenxamín.

ATLETISMO



Hoxe e mañá. Pontevedra CAMPIONATO GALEGO DE PROBAS COMBINADAS

Sete atletas de Atlético Lucense e Franciscanos Lugo participan esta fin de semana no Campionato Galego de Probas Combinadas nas diferentes categorías, de cadete a absoluto.

A deportista do club colexial, Carmen González Fernández, conta coa mellor marca dos inscritos na modalidade de hexatlón feminino na categoría cadete.

As probas comezan esta tarde ás 15:30 horas e retomaranse mañá ás 9:50 horas.

Mañá. Ribeira CAMPIONATO DE GALICIA DE MEDIA MARATÓN

Egobarros Viveiro, Lucus Caixa Rural, Verxel Nutrición Deportiva, Atletismo Friol, Atletismo Ribadeo e o Club de Atletismo Lourenzá terán representación na II Medio Maratón Riveira 21, que forma parte do calendario dos campionatos galegos sub 20, sub 23, absoluto e máster da especialidade.

NATACIÓN

Hoxe e mañá. Ourense CAMPIONATO GALEGO MÁSTER VERÁN

CN Portamiñá, Club Fluvial de Lugo e CN Monforte participan neste campionato galego que se celebrará na piscina Rosario Dueñas de Ourense.

O CN Portamiñá contará con 27 deportistas na competición, mentres que o Club Fluvial e o monfortino terán en competición a cinco e tres participantes respectivamente.

O campionato reúne na capital ourensá a 340 nadadores e nadadoras de 24 clubs galegos. As diferentes probas disputaranse ao longo desta tarde e durante a xornada de mañá.

Hoxe. Ferrol FESTIVAL GALEGO PROMESAS

A natación lucense tamén estará representada nesta cita que reúne aos dezaseis mellores clubs das diferentes xornadas locais. Vintecatro nadadores de Club Fluvial e outros vintecatro do CN Portamiñá participan neste festival que se celebra na piscina de Batallones, en Ferrol.

A competición celebrarase nunha soa sesión que dará comezo ás 17.00 horas, daccordo co seguinte programa: 8x25 estilos mixto, 50 libres masculino, 50 libres feminino, 50 costas masculino, 50 costas feminino, 50 braza masculino, 50 braza feminino, 50 bolboretta masculino, 50 bolboretta feminino e 8x25 libres mixto.

No Festival Galego cítanse 245 nadadores e nadadoras de 15 clubs de toda a comunidade.

LOITA OLÍMPICA



Hoxe e mañá. Mar de Pulpí LIGA NACIONAL DE CLUBS

Samuel García, Martín Pena, Roberto Díaz e Carlos Yobani do Club de Loita de Vilalba, e Jonathan Pernas, Laura Arias e Gergana Dimontrova de Club de Loita de Rábade foron convocados para participar este sábado nunha concentración autonómica de tecnificación deportiva que se desenvolverá ao longo da xornada no CGTD de Pontevedra.

BOLOS CELTAS

Mañá 9ª XORNADA LIGA PROVINCIAL

A competición provincial de bolos celtas achégase ao final coa disputa da penúltima xornada da liga na que os dous equipos xovenses e mais o Santa Marta exerceron o seu dominio na parte alta da clasificación.

9ª XORNADA LIGA PROVINCIAL

LOCAL	VISITANTE	DATA
Meira Órrea	UDB Xove	Mañá 16:00h
Meira Órrea	CBX Xove	Mañá 16:00h
Santa Marta	Santalla	Mañá 16:00h
Club Ribatra	O Cadaval	Mañá 16:00h

FÚTBOL



Mañá 16:30 A Magdalena

O Rácing Villalbés encara a segunda eliminatoria da fase de ascenso á Segunda División B. O cadro chairego, tras eliminar na quenda de penaltis ao Pulpileno cítase co Levante Atlético por un posto na última eliminatoria. Os de Óscar Gilsanz mediránse a todo un campión de grupo, xa que os levantinos caen a repesca tras perder o cruce entre campións da primeira eliminatoria.

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	CD Lugo	Almería	Anxo Carro	Hoxe 20:30h
3ª División	RC Villalbés	Levante At.	Magdalena	Mañá 16:30h
Copa Pref/1ª	Viveiro CF	Polvorín	Cantarrana	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Pastoricense	Escarín	Acebreiro	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Lemos	Chantada	Pinguela	Hoxe 18:00h
Copa Pref/1ª	Xermade	O Páramo	M.Xermade	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Monterroso	Residencia	Cerdeiriños	Mañá 17:30h
Copa Pref/1ª	Ribadeo	Outeiro	As Valgas	Hoxe 16:30h
Copa Pref/1ª	Foz	San Roque	M. Foz	Mañá 18:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa 2ª/3ª	Cervo	SD Burela	A Veiga	Hoxe 19:00h
Copa 2ª/3ª	Fonsagrada	Pol	G. Besteiro	Hoxe 19:00h
Copa 2ª/3ª	O Incio	Chantada A.	Carboeiro	Mañá 18:00h
Copa 2ª/3ª	Brollón	Portomarín	Os Medos	Mañá 18:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa	Corgo	Sagrado C.	V. do Olmo	Mañá 18:00h
Copa	Santaballés	Cospoite	A liga	Hoxe 18:00h
Copa	Outeiro	Trasnos	Outeiro	Mañá 12:00h
Copa	Taboada	O Picato	A Medela	Hoxe 17:30h
Copa	R. Fraín	Milagrosa	A Cheda	Hoxe 17:00h
Copa	Codesido	Parga	Casanova	Mañá 11:30h
Copa	Sarriana	Garabotos	A Ribela	Hoxe 16:00h
Copa	Sancobade	Begonte	Sancobade	Hoxe 18:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL BASE

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Xuv. Asc.	As Pontes	P. Burela	A Marosa	Hoxe 18:00h
Cad. Asc.	Residencia	San Tirso B	A Cheda	Mañá 11:00h
Inf. Asc.	Milagrosa	Lalín	L. Gorgoso	Mañá 12:00h
Copa Xuv.	Ribadeo	Residencia	A Mina	Hoxe 19:00h
Copa Cad.	Polvorín	Residencia	Polvorín	Hoxe 17:00h
Copa Inf.	Ribadeo	Residencia	A Mina	Hoxe 17:00h

BILLARDA

Hoxe. Muimenta ABERTO DA FILLOA

Esta tarde ás 15:30 dispútase o Aberto da Filloa, en Muimenta, no marco da Festa de Xogos Tradicionais e Populares que se celebra ao longo da xornada no pavillón Manuel Vila da localidade chairega.

O Aberto dalle continuidade á temporada despois de que a pasada fin de semana se disputasen en Santiago as finais galegas, un podio na categoría de equipos para Carabullo, un dos representantes da comarca na competición,

Spórting de Gijón e Celta de Vigo no Torneo Infantil da SD Ribadeo

O Pepe Barrera e o campo de Outeiro, na Devesa, acollen 24 equipos chegados dende o noroeste peninsular e ata de Portugal, para disputar a XI Edición que será o II Memorial Francisco R. Fernández, "Paco da Canela"

O fútbol base toma esta fin de semana Ribadeo coa celebración do Torneo Infantil da SD Ribadeo. Vintecatros equipos do noroeste peninsular participan na competición, que conta xa once edicións.

Spórting de Gijón e RC Celta de Vigo son os principais reclamos dunha competición que reúne a clubs punteiros no ámbito da base, a maioría deles galegos e asturianos. Oza Juvenil –que participa no torneo con tres equipos–, Rácing de Ferrol, Ural CF, Galicia Caranza, Victoria CF, Escalinata San Lucía e o propia SD Ribadeo completan a representación galega, mentres que, polo lado asturiano, se suman á competición CD Beryma –con dous equipos–, Andes CF, CD Marino de Cudillero, Verina CF, CD Tineo, Astur CF, River Piles e Barres CF. Tamén participan no torneo o CD Cerecedo de León, Sestao River Club, o CD Amistad Sniace de Torrelavega e o FC Marinhhas portugués.

Os partidos disputaranse hoxe e mañá en horario matinal e de tarde no campo municipal Pepe Barrera e no campo de Outeiro, na Devesa. Hoxe xógase a fase de grupos na que os equipos –encadrados de tres en tres– competirán polas dúas primeiras prazas, que os clasificarán para a fase de eliminatorias. Mañá, a xornada comezará coa disputa dos oitavos de final a partir das 9:45 h. e concluírá coa final prevista para as 19:30 h.

A SD Ribadeo, encadrada no mesmo grupo que Oza Juvenil B e Cerecedo, debutará ás 13:45 no Campo de Outeiro medíndose ao equipo leonés, e xogará o segundo partido contra os coruñeses na última quenda da tarde, a partir das 20:50 h. no Pepe Barrera, poñendo o peche a unha xornada maratoniada de 12 horas de fútbol.

O torneo aumenta o seu poder de convocatoria respecto á pasada edición, na que participaron 16 equipos, e figura xa como unha cita de referencia no calendario de torneos estivais, que fan que a pelota siga a rodar cando as competicións oficiais se achegan ao seu final.

O evento conta co apoio do concello e mais da Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos (Acisa), que valoran tamén a repercusión económica do torneo na vila.

II Memorial Paco da Canela

Por segundo ano, e con esta participación récord, a SD Ribadeo rende homenaxe a Francisco R. Fernández, coñecido como Paco da Canela, falecido en xaneiro do ano pasado. Coordinador Deportivo da SD Ribadeo e presidente do Barres CF, foi impulsor do acordo de colaboración que une ás dúas entidades e que facilita que os dous equipos alevíns da SD Ribadeo e mais un dos infantís compitan na liga asturiana.

Torneos F-8

Tras o torneo desta fin de semana, a SD Ribadeo aínda ten por diante outras dúas fins de semana intensas coa celebración do Torneo Benxamín e Prebenxamín os vindeiros 9 e 10 de xuño, e do Torneo Alevín e Miniprebenxamín os días 16 e 17 deste mes. Citas das máis veteranas xa que cumpren quince edicións sendo un dos referentes dos torneos da post-tempada.

O Torneo aumenta respecto a pasada edición na que participaron 16 equipos

Hoxe dispútanse os encontros correspondentes as fases de grupos

XI TORNEO

SD RIBADEO FUTBOL INFANTIL

II MEMORIAL FRANCISCO R. FDEZ. FDEZ. 'Paco da Canela'

2 e 3 xuño 2018

Estadio municipal Pepe Barrera Campo do Outeiro - A Devesa

ORGANIZA: Concello de Ribadeo

COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO, FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, cca, RIBADEO hostalaría

Último asalto polo ascenso

Porto de Burela xuvenil, Residencia cadete e Milagrosa infantil xogan esta fin de semana os partidos de volta das últimas eliminatorias por un posto nas ligas galegas

Fin de semana de infarto, pero apaixonante, o que se espera no fútbol base, que ten a oportunidade de ampliar a armada lucense nas categorías superiores de cara á próxima tempada.

Os descensos do Rácing Villalbés B xuvenil, Calasancio cadete e Polvorín infantil, cubríronse xa con tres ascensos confirmados este curso, os da Residencia xuvenil e infantil, e o da Milagrosa cadete.

Os tres campións provinciais desta tempada deron o salto de categoría pola vía rápida, tras impoñerse nas súas respectivas eliminatorias de campións a partido único. A Residencia xuvenil tras superar ao Eume en Ferrol cun solitario gol de Lucas, nun partido de poder a poder. A Milagrosa cadete fíxoo con máis intriga, nun escenario único como é Abegondo, onde os de Madriles empezaron perdendo por dous goles a cero ante o Meirás. Antes do descanso Buján recortou distancias e, practicamente sobre a bucina, Neira forzou a quenda de penaltis na que a Milagrosa certificou o salto de categoría. Para rematar, a Residencia infantil, os da Cheda volven á Liga Galega un ano logo de descender. Os de Kaiser fixérono ao eliminar ao Orillamar na Pontenova, por catro goles a dous, asinando a tempada soñada.

Agora chega o momento da segunda unidade, os que tiveron que percorrer o camiño máis longo nas fases de ascenso, Porto de Burela xuvenil, Residencia cadete e Milagrosa infantil.

O camiño para o resto de clasificados foi máis longo, pero chega á súa recta final. O Porto de Burela xuvenil é o que o ten máis complicado. Para ascender á Liga Galega xuvenil os de Oke teñen que remontar na Marosa, esta tarde a partir das 18:00 horas, un sete a cero; resultado co que o As Pontes puxo terra polo medio no partido de ida. Un encontro no que se adelantaron os locais aos tres minutos de xogo, pero que chegou cun axustado 1-0 ao descanso. Xa na segunda parte o Porto de Burela, con seis goles encaixados, practicamente despediuse do ascenso.

Os cadetes da Residencia sacaron un resultado moi bo no partido de ida da última eliminatoria, que lles mide co San Tirso B. Os de Antonio Gómez impuxéronse no partido de ida a domicilio por un gol a dous. Un resultado curto para os méritos realizados polos da Cheda, que puideron selar máis de medio ascenso.

Agora terán que rematar a faena en casa, no partido



A Milagrosa cadete ascendeu á Liga Galega en Abegondo, tras impoñerse na quenda de penaltis ao Meirás

Xuvenil Porto de Burela - As Pontes, hoxe a partir das 18:00 horas na Marosa

Cadete SDC Residencia - San Tirso B, mañá a partir das 11:00 na Cheda

de volta, que se disputará mañá a partir das 11:00 horas na Cheda. Á Residencia válenlle dous dos tres posibles resultados, xa que cun empate ou unha vitoria serán equipo da Liga Galega cadete a próxima tempada. Incluso unha derrota con cero a un tamén lles daría o salto de categoría.

Para rematar, a Milagrosa infantil. Os de Madriles terán que remontar o tres a cero co que o Lalín se impuxo no encontro de ida. Un resultado avultado para o visto sobre o terreo de xogo ao longo dos

Infantil Milagrosa - Lalín, mañá a partir das 12:00 horas no Luis López Gorgoso

oiteenta minutos, xa que a Milagrosa foi moito máis competitiva do que indica o marcador final.

Os albirvermellos, apoiados polo factor campo, soñan coa remontada. Como precedente, teñen os dous goles que igualaron ante o Ribadeo no Provincial para meterse nesta fase de ascenso. No último encontro a cara ou cruz, no que á Mila valíalle con empatar ante os mariños para alzarse co segundo posto, os de Madriles empezaron perdendo por dous goles a cero na primeira parte, pero remataron empatando e con iso logaron o pase á fase por un posto na Liga Galega infantil.

Tres equipos lucenses xóganse este fin de semana o salto de categoría. Tres xa o conseguiron, pero tamén tres descenderon. As opcións de ampliar a armada lucense en categorías superiores a próxima tempada pasan pola Marosa, A Cheda e Frigsa.

BALONCESTO BASE

O Cidade de Lugo tamén pode dar o salto á Primeira División infantil esta fin de semana en Carballo

O Cidade de Lugo infantil, con pleno de vitorias na fase de ascenso á Liga Galega, pode dar o salto de categoría mañá en Carballo. Para conseguilo os lucenses teñen varias balas na recámara ante Artai, o seu principal rival e ao que se impuxeron en Lugo no partido de ida. Se Cidade gaña, ascenderá; de perder por nove puntos ou menos, chegará dependendo de si mesmo á última xornada, que será ante Peleteiro B en Lugo.





Sábado 2 de xuño 2018

Festa Xogos Tradicionais XOTRAMU

O RECINTO FERIAL MANUEL VILA DE MUIMENTA acolle a Festa dos Xogos Tradicionais. Ademais de diferentes talleres nos que se amosará como construír xoguete con materiais naturais

Muimenta acolle hoxe, por décimo ano consecutivo, a Festa dos Xogos Tradicionais organizada pola Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta (Xotramu). Veciños e visitantes poderán recordar ou descubrir preto dun cento de xogos tradicionais de Galicia -e da comarca chairega, especialmente-, pero tamén de Portugal e Asturias.

O recinto feiral Manuel Vila convértese esta mañá nun gran patio de xogo no que os máis pequenos -que participan na feira da man de diferentes ANPAs- se poden divertir con xogos populares como a mariola, o brilé, o pano, a comba, as catro esquinas ou as canicas e as chapas. Ao tempo, desenvolveranse diferentes obradoiros nos que se amosará como construír xoguete ou divertimentos propios con materiais naturais.

O repertorio ampliarase con xogos máis perdidos no tempo, como o arbolamento de sacho ou de boina e o "nabo ao caldeiro". "Parecen ocorrencias do presente, pero eran entretementos habituais en tempos pasados, nos que se xogaba co que se tiña a man. Toda a vida xiraba en torno ao campo, así que se xogaba cos elementos propios dese contexto", explica Jose Lombardero, un dos impulsores de Xotramu e da Festa.

"Nas primeiras edicións era pouco máis que unha reunión de veciños de Muimenta para xogar cos xoguete que conservabamos e, ano a ano, a mostra foi incluíndo xogos do resto de Galicia, Asturias ou Portugal. Non se trata de recuperar formas de vida que quedaron atrás, senon de poñer en valor o xogo en si mesmo, como actividade necesaria en todas as etapas da vida", remarca.

Así, o abano de xogos que forman parte da mostra atende a público de todas as idades, con propostas sosegadas como o campionato de brisca previsto para as 15:30. A esa mesma hora, comezará o campionato de billarda, un dos xogos tradicionais que mellor resistiu o



paso do tempo. "Os propios xogadores entenderon que había que cambiar as normas para facilitar que as novas xeracións se incorporasen, e agora afortunadamente cada vez vemos máis rapazada xogando á billarda".

A propia existencia dunha Liga Nacional de Billarda - a pasada semana celebráronse en Santiago de Compostela as finais galegas entre os mellores xogadores e xogadoras das ligas territoriais - demostra a afección por este deporte tradicional, moi arraigado na comarca chairega. A billarda é canda os bolos, que tamén contan con competicións a nivel galego e mesmo internacional, unha excepción dentro da regra.

Con todo, Xotramu é optimista con respecto ao futuro dos xogos e deportes tradicionais. Desde

a Asociación, que mais aló desta cita en Muimenta realiza durante todo o ano un traballo de recuperación e promoción do patrimonio lúdico con visita aos centros escolares, séntense cada vez máis acompañados: "Hai anos nin se falaba dos xogos tradicionais, e agora están nos carteis de todas as festas populares", subliña Jose Lombardero.

A xornada, que conta co apoio da Deputación Provincial de Lugo, completárase cunha mesa redonda que se desenvolverá a partir das 16:00 horas baixo o epígrafe "A importancia do xogo tradicional na cultura e na educación", na que intervirán, entre outros, os mestres e investigadores do patrimonio lúdico Paco Veiga e Antón Cortizas.

